



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Cinesiterapia

Materia	Cinesiterapia			
Código	P05G171V01203			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González Represas, Alicia			
Profesorado	González Represas, Alicia Nóvoa Castro, Borja			
Correo-e	alicia@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
Descrición xeral	A Cinesiterapia estuda o conxunto de métodos e técnicas que utilizan o movemento como axente terapéutico. A asignatura desenvólvese no segundo curso do título de Grao en Fisioterapia. Para un correcto seguimento da materia recoméndase ter coñecementos de anatomía, biomecánica, valoración e fisioloxía. Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ó profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
B4	Adquirir formación científica básica en investigación.
C1	Coñecer os principios e teorías dos axentes físicos e as súas aplicacións en fisioterapia.
C3	Identificar os factores psicolóxicos e sociais que inflúen no estado de saúde ou enfermidade das persoas, familias e comunidade.
C7	Coñecer os trocos fisiolóxicos e estruturais que se poden producir como consecuencia da aplicación da fisioterapia.
C12	Coñecer e aplicar as bases teóricas e o desenvolvemento dos métodos e procedementos fisioterapéuticos.
C15	Comprender os principios ergonómicos e antropométricos.
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.
C20	Identificar o tratamento fisioterapéutico máis axeitado nos diferentes procesos de alteración, prevención e promoción da saúde así como nos procesos de crecemento e desenvolvemento.
C21	Identificar a situación do paciente/usuario a través dun diagnóstico de cuidados de fisioterapia, planificando as intervencións, e avaliando a súa efectividade nun entorno de traballo cooperativo con outros profesionais en ciencias da saúde.
C36	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D2	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
D5	Desenvolver a capacidade de liderado e organización.
D8	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
RA1: Describir o concepto, as bases, os principios xerais de aplicación da Cinesiterapia e clasifica as distintas modalidades e métodos de aplicación da Cinesiterapia.			C1 C12 C15 C36	
RA2: Describir as bases e fundamentos de aplicación dos diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva e Activa			C36	
RA3: Analiza as diferenzas entre os diferentes métodos de Cinesiterapia pasiva e activa			C36	
RA4: Explicar os efectos fisiolóxicos e terapéuticos da Cinesiterapia pasiva e activa			C7	
RA5: Identificar e explicar as indicacións e contraindicacións da Cinesiterapia Pasiva e Activa			C7	
RA6: Describir o concepto e os fundamentos da hidrocinesiterapia e clasifica as súas diferentes modalidades e métodos de aplicación dentro da clasificación da Cinesiterapia.			C36	
RA7: Describir a progresión do exercicio na auga, explicar os efectos fisiolóxicos e terapéuticos da hidrocinesiterapia e identificar e explicar as súas indicacións e contraindicacións			C12 C16	
RA8: Definir o concepto de mecanoterapia e identificar e describir os principais equipos de mecanoterapia			C36	
RA9: Aplicación práctica dos principios xerais da Cinesiterapia na execución dos diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva e Activa e Exercicio Terapéutico	A2		C15	
RA10: Executar os diferentes métodos de Cinesiterapia pasiva e activa no membro superior, membro inferior e columna vertebral e exercicio terapéutico.		B1	C15 C16	
RA11: Realizar, expoñer e defender en grupo un traballo práctico sobre Cinesiterapia	A2	B1 B4	C3 C12 C16 C20 C21	D1 D2 D5 D8

## Contidos

Tema	
PROGRAMA TEÓRICO	I.1. Concepto de cinesiterapia. Recordo histórico da cinesiterapia I.2. Inmovilización terapéutica, repouso, relaxación. I.3. Axentes cinéticos. Bases físicas do movemento. I.4. Principios xerais de aplicación da cinesiterapia. I.5. Posicións fundamentais, derivadas e anexas. I.6. Clasificación de cinesiterapia: Pasiva e Activa. Hidrocinesiterapia. I.7. Equipos isocinéticos. Introducción.
I. CINESITERAPIA.	
II. CINESITERAPIA PASIVA	II.1. Concepto. Principios xerais de aplicación de Cinesiterapia pasiva. II.2. Clasificación da Cinesiterapia pasiva. II.3. Cinesiterapia pasiva: relaxada e forzada. II.3.1. Cinesiterapia pasiva relaxada: analítica simple e funcional ou global II.3.2. Cinesiterapia pasiva forzada: mantida e momentánea. II.3.2.1 Cinesiterapia pasiva forzada mantida: cinesiterapia analítica específica. Traccións articulares. Posturas osteoarticulares. Estiramientos musculares. II.3.2.2. cinesiterapia pasiva forzada momentánea: manipulacións. II.4. Modalidades de aplicación da Cinesiterapia pasiva: manual, instrumental e autopasiva. II.6. Efectos fisiolóxicos. Efectos terapéuticos. Indicacións xerais da Cinesiterapia pasiva. Contraindicacións xerais da Cinesiterapia pasiva.
III. CINESITERAPIA ACTIVA	III.1. Concepto. Tipos de motilidade: reflexa, automática e voluntaria. III.2. Elaboración do movemento voluntario. Diferentes tipos de contracción muscular. III. 3. Cadenas musculares. Principios de aplicación de los distintos métodos de cadenas musculares III.3. Principios xerais da cinesiterapia activa III.4. Clasificación da Cinesiterapia activa: - Cinesiterapia activa asistida. - Cinesiterapia activa resistida. - Cinesiterapia activa libre. III.5. Efectos fisiolóxicos. Efectos terapéuticos. Indicacións e contraindicacións.
III. CINESITERAPIA ACTIVA	III.1. Concepto. Tipos de motilidade: reflexa, automática e voluntaria. III.2. Elaboración do movemento voluntario. Diferentes tipos de contracción muscular. III. 3. Cadenas musculares. Principios de aplicación de los distintos métodos de cadenas musculares III.3. Principios xerais da cinesiterapia activa III.4. Clasificación da Cinesiterapia activa: - Cinesiterapia activa asistida. - Cinesiterapia activa resistida. - Cinesiterapia activa libre. III.5. Efectos fisiolóxicos. Efectos terapéuticos. Indicacións e contraindicacións.
IV. CINESITERAPIA ACTIVA ASISTIDA	IV.1. Concepto. Principios xerais. IV.2. Clasificación: Cinesiterapia Activa asistida manual. Cinesiterapia activa asistida instrumental. IV.3. Técnicas específicas: IV.3.1. Suspensionterapia: concepto. Tipos de suspensión. IV.3.2. Poleoterapia asistida: principios xerais de aplicación. IV.3.3. Combinación de suspensión e poleoterapia.

V. CINESITERAPIA ACTIVA RESISTIDA	1. Concepto. Factores condicionantes do desenvolvemento muscular. V.2. Clasificación: Cinesiterapia activa resistida manual. Cinesiterapia activa resistida instrumental. V.3. Métodos de fortalecemento muscular. V.7. Efectos fisiolóxicos. Efectos terapéuticos. Indicacións e contraindicacións.
VI. CINESITERAPIA ACTIVA LIBRE.	VI.1. Exercicio terapéutico: Conceptualización do exercicio terapéutico. Principios xerais. Prescrición do exercicio. VI.2. Adaptacións fisiolóxicas do exercicio terapéutico a corto e longo prazo. Efectos fisiolóxicos e terapéuticos. VI.3. Indicacións e contraindicacións VI.3. Pautas para a realización de exercicio terapéutico VI.4. Estiramientos miotendinosos. VI.5. Reeducación propioceptiva.
VII. HIDROCINESITERAPIA. XENERALIDADES	VII.1. Introducción. Concepto e recordo histórico. VII.2. Clasificación da hidrocinesiterapia. VII.3. Implicacións hidrodinámicas en hidrocinesiterapia. VII.3.1. Factores inherentes ao medio acuático. VII.3.2. Factores inherentes ao corpo en movemento. VII.4. Movemento na auga. VII.5. Principios xerais en hidrocinesiterapia. VII.6. Equipo accesorio. VII.7. Progresión do exercicio na auga.
VIII. MÉTODOS DE TRABALLO EN HIDROCINESITERAPIA	VIII.1. Métodos de traballo en hidrocinesiterapia. VIII.1.1. Hidrocinesiterapia pasiva. VIII.1.2. Hidrocinesiterapia activa. VIII.2. Desenvolvemento de circuitos dentro da auga. VIII.3. Efectos fisiolóxicos e terapéuticos da hidrocinesiterapia. Indicacións e contraindicacións.
IX. MECANOTERAPIA	IX.1. Concepto, principios terapéuticos, indicacións e contraindicacións. IX.2. Equipos especiais.
PROGRAMA PRÁCTICO: I. CINESITERAPIA PASIVA	Cinesiterapia pasiva manual I.1. Técnica xeral. Altura da padiola. Posición do paciente. Posición do fisioterapeuta. Colocación da toma e contratoma. I.2. Cinesiterapia pasiva funcional aplicada manualmente a: I.2.1. Complexo articular do ombro e cintura escapular. I.2.2. Membro superior. I.2.3. Cintura pelviana. I.2.4. Membro inferior. I.2.5. Columna vertebral. I.2.6. Articulación temporomandibular. I.3. Cinesiterapia pasiva analítica simple e Cinesiterapia pasiva analítica específica aplicada manualmente a: I.3.1. Complexo articular do ombro e cintura escapular. I.3.2. Membro superior. I.3.3. Cintura pelviana. I.3.4. Membro inferior. I.3.5. Columna vertebral. I.4. Técnicas específicas de cinesiterapia pasiva manual. Exemplos prácticos de aplicación por zonas topográficas de: I.4.1. Traccións articulares manuais. I.4.2. Posturas osteoarticulares. I.4.3. Estiramientos musculares. I.5. Cinesiterapia autopasiva. Aplicación por zonas topográficas. Cinesiterapia pasiva instrumental. I.6. Cinesiterapia pasiva relaxada instrumental: descrición dos equipos, manexo dos mesmos e coidados dos equipos. I.7. Cinesiterapia pasiva forzada. I.7.1. Tracción articular instrumental: descrición dos equipos, manexo dos mesmos e coidados dos equipos. I.7.2. Tracción articular instrumental aplicada a: I.7.2.1. Columna cervical. I.7.2.2. Columna dorsal. I.7.2.3. Columna lumbar. I.7.3. Posturas osteoarticulares.
II. CINESITERAPIA ACTIVA	Kinesiterapia activa, kinesiterapia activa asistida e kinesiterapia activa resistida. II.1. Técnicas xerais. Posición do paciente. Posición do fisioterapeuta. Colocación das mans de contactos. II.2. Kinesiterapia activa asistida e kinesiterapia activa resistida aplicaron manualmente: II.2.1. Articulación do ombreiro e cintura escapular. I.2.2. Extremidade superior. I.2.3. Cinto pélvico. I.2.4. Extremidade inferior. I.2.5. Columna vertebral. Kinesiterapia activa asistida e kinesiterapia activa resistiva instrumental II.3. Terapia de suspensión: técnica xeral. Instrumentación necesaria para a súa aplicación. II.4. Terapia de suspensión: Aplicación pendular, axial concéntrica e axial excéntrica: II.4.1. Articulación do ombreiro e cintura escapular. I.4.2. Extremidade superior. I.4.3. Cinto pélvico. I.4.4. Extremidade inferior. I.4.5. Columna vertebral II.5. Poleoterapia Técnica xeral Instrumentación necesaria para a súa aplicación. Montaxe dun circuito de poleas. Colocación da primeira polea. Colocación da segunda polea. Exemplos Práctica de aplicación. II.6. Métodos de reforzo. Metodoloxía xeral. Cálculo da resistencia máxima (RM) e do décimo RM. II.6.1. Aplicación do método Delorme. Método de Dotte. Exemplos prácticos de aplicación. II.6.2. Métodos MacGovern e Luscombe. Método Zinovieff. Exemplos prácticos de aplicación. II.6.3. Método de Hettinguer e Muller. Exemplos prácticos de aplicación. Kinesiterapia activa II.7. Kinesiterapia activa aplicada a: II.7.1. Articulación do ombreiro e cintura escapular. I.7.2. Extremidade superior. I.7.3. Cinto pélvico. I.7.4. Extremidade inferior. I.7.5. Columna vertebral

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
--	---------------	--------------------	--------------

Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	23	64	87
Resolución de problemas	2	0	2
Aprendizaxe colaborativa	5	8	13
Estudo de casos	2	0	2
Prácticas de laboratorio	41	69	110
Traballo tutelado	1	4	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	0	2	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	As clases serán teórico-participativas nas que o/a profesor/a impartirá os contidos sobre a materia involucrando ao alumnado a participar activamente durante as clases. Empregaranse novas tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento das clases e se utilizará a consulta didáctica, debate e estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. O alumnado terá á súa disposición na plataforma os apuntamentos elaborados polo/a profesor/a que lle servirán de guía.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. A/o alumna/o debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades realizadas en pequenos grupos nos que o alumnado traballa aprendendo e desenvolvendo habilidades, actitudes e valores mediante a colaboración.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado. Utilízase a demostración experimental, a estratexia de simulación, o tratamento didáctico de erros e adestramento sistemático. A/o docente fará a demostración de como se debe realizar a valoración, a continuación as/os alumnas/os realizarán por parellas a práctica, sendo corrixidos pola/o docente e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Na corrección terase en conta por unha parte a posición do usuario/paciente, as tomas e contratomas realizadas, así como a execución da manobra e por outra parte a altura da mesa de tratamento e a postura da/o alumna/o que está a realizar a práctica. Así mesmo, terase en conta a actitude da/o alumna/o.
Traballo tutelado	O alumnado, en grupo, elabora un traballo sobre a temática da materia. Trátase dunha actividade autónoma do estudantado que inclúe a busca e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, exposición e defensa do traballo elaborado sobre unha modalidade de Cinesiterapia que deberán demostrar na práctica.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Ademáis da atención ao alumnado nas titorías establecidas e dependendo do tema a tratar, atenderáselle tamén a través do correo electrónico. A atención personalizada terá como obxectivo responder as dúbidas que poidan xurdir con respecto a materia e/ou asesorar en materia académica e profesional naqueles casos que así o soliciten.
Prácticas de laboratorio	Ademáis da atención ao alumnado nas titorías establecidas e dependendo do tema a tratar, atenderáselle tamén a través do correo electrónico. A atención personalizada terá como obxectivo responder as dúbidas que poidan xurdir con respecto a materia e/ou asesorar en materia académica e profesional naqueles casos que así o soliciten.
Traballo tutelado	Ademáis da atención ao alumnado nas titorías establecidas e dependendo do tema a tratar, atenderáselle tamén a través do correo electrónico. A atención personalizada terá como obxectivo responder as dúbidas que poidan xurdir con respecto a materia e/ou asesorar en materia académica e profesional naqueles casos que así o soliciten.

Estudo de casos	Ademais da atención ao alumnado nas titorías establecidas e dependendo do tema a tratar, atenderáselle tamén a través do correo electrónico. A atención personalizada terá como obxectivo responder ás dudas que poidan surgir con respecto á materia e/o asesorar en materia académica e profesional naqueles casos que así o soliciten.
-----------------	---

<b>Avaliación</b>						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Resultados de aprendizaxe: RA1,RA2,RA3,RA4,RA5,RA6,RA7,RA8.	20	A2	B1	C1 C3 C7 C12 C15 C16 C20 C21 C36	D1 D2
Traballo tutelado	A realización e exposición e defensa do traballo en grupo nos prazos establecidos o inicio do curso é obrigatoria para superar a materia. Esta actividade inclúe a busca e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción e análise crítica do traballo, así como tamén a presentación, exposición e a defensa do traballo. Resultados de aprendizaxe: RA1,RA2,RA3,RA4,RA5,RA6,RA7,RA8, RA9, RA10, RA11.	10	A2	B1 B4	C1 C3 C7 C12 C15 C16 C20 C21 C36	D1 D2 D5 D8
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas nas que os alumnos/as deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada. Resultados de aprendizaxe: RA1,RA2,RA3,RA4,RA5,RA6,RA7,RA8.	30	A2		C1 C3 C7 C12 C15 C16 C20 C21 C36	D1
Práctica de laboratorio	Os alumnos deberán executar e razoar diferentes técnicas de Cinesiterapia. Resultados de aprendizaxe: RA9,RA10.	40	A2	B1	C1 C3 C7 C12 C15 C16 C20 C21 C36	D5 D8

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Establécense dous sistemas de avaliación para a primeira oportunidade: avaliación continua e avaliación global. A avaliación por defecto de cada alumno, na primeira oportunidade desta materia, é a avaliación continua.

**Para que un estudante poida optar á avaliación global desta materia na primeira oportunidade, deberá renunciar ao sistema de avaliación continua desta materia e adherirse ao sistema de avaliación global desta materia, de acordo co procedemento e prazos establecidos pola o centro.**

A avaliación de cada alumno, na segunda oportunidade e na convocatoria final desta materia, realizarase mediante unha avaliación global.

#### **Avaliación continua:**

A avaliación continua realizarase a través de diferentes actividades que deberán realizarse dentro dos prazos establecidos ao inicio das docencias e que se publicarán na plataforma moovi. Na exposición da materia detallarase toda a información relacionada coa avaliación continua. É obriga do alumnado recoller toda a información necesaria para poder seguir a avaliación continua de acordo coas indicacións dadas polo profesor ao comezo da materia.

A avaliación continua realizarase mediante as seguintes actividades:

- Caso práctico (20%): Consistirá en diferentes actividades relacionadas cos contidos teóricos e prácticos da materia.
- Exame de preguntas de desenvolvemento (30%). Probas nas que o alumno debe desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que ten sobre a materia mediante respostas razoadas.
- Traballo (10%): A avaliación do traballo terá en conta o traballo entregado da materia - manuscrito - (5%) e a presentación e defensa do traballo da materia (5%).
- Prácticas de laboratorio (40%): o alumnado deberá executar e razoar diferentes técnicas de kinesiaterapia.

### **Avaliación global:**

As datas oficiais dos exames están publicadas na páxina web do centro <http://fisioterapia.uvigo.es/gl/e> na plataforma moovi da materia <https://moovi.uvigo.gal/>.

Contidos teóricos:

- Exame teórico (40%): O exame teórico constará de 5 preguntas de desenvolvemento relacionadas cos contidos teóricos da materia.

Contidos prácticos:

- Prácticas de laboratorio (40%): Na proba práctica o alumno deberá executar e razoar sobre diferentes técnicas de Kinesiaterapia.

- Caso práctico (20%): o alumno deberá razoar e argumentar as técnicas de kinesiaterapia relacionando os efectos fisiolóxicos, as indicacións e contraindicacións así como as características das manobras aplicadas no caso presentado.

Para aprobar a materia é necesario superar por separado o exame teórico (obter polo menos 5 na escala de 0 a 10) e a práctica de laboratorio (obter polo menos un 5 na escala de 0 a 10).

### **Consideracións:**

O alumnado que curse esta materia está obrigado a ter un comportamento responsable e honesto. Considérase inadmisíbel calquera forma de fraude (é dicir, copia e/ou plaxio) tendente a falsear o nivel de coñecemento ou habilidade alcanzado por un alumno en calquera tipo de proba, informe ou traballo deseñado para tal fin. A conduta fraudulenta pode provocar a suspensión da materia durante todo o curso. Destas actuacións levarase un rexistro interno para que, en caso de reincidencia, se solicite no reiterado a apertura de expediente disciplinario.

Compromiso ético:

Os alumnos deben mostrar un comportamento ético adecuado. No caso de conductas pouco éticas (copia de seminarios, plaxio de traballos, uso de equipos electrónicos non autorizados, etc.) que impidan o correcto desenvolvemento da actividade docente, considerarase que o alumno

Non reúne os requisitos necesarios para superar a materia, e neste caso suspenderase a cualificación do presente curso (0,0). Non se permitirá o uso de ningún dispositivo electrónico durante as probas de avaliación salvo autorización expresa. O feito de introducir na aula de exames un dispositivo electrónico non autorizado terá a consideración de motivo de suspenso da materia no presente curso académico e a nota global (0,0) quedará suspendida.

Gravación de imaxe e/ou audio: salvo autorización expresa do profesor, non se permitirá a gravación, total ou parcial, tanto de son como de imaxe, de clases maxistras, seminarios ou prácticas da materia, de conformidade co disposto no Lei de Patrimonio, Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e Lei Orgánica de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Imaxe Propia. Segundo o uso posterior, a gravación sen consentimento poderá dar lugar a responsabilidades civís, disciplinarias, administrativas e, se é o caso, penais.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Génot C, Neiger H, Leroy A, Pierron G, Dufour M, Péninou G., **Kinesiaterapia**, 3, Médica Panamericana, 2012

Neiger, Henri, **Estiramientos analíticos manuales. Técnicas pasivas**, 3, Médica Panamericana, 1998

Cook G, **Movement : functional movement systems : screening, assessment, and corrective strategies**, 5, On Target Publications, 2020

Heyward VH, **Evaluación de la aptitud física y Prescripción del ejercicio.**, 3, Panamericana, 2008

Hall, C.M., Brody, L.T, **Therapeutic Exercise: Moving Toward Function**, 3, Lippincott Williams & Williams., 2005

Huber, F.E., Wells, C.L., **Therapeutic Exercise: Treatment Planning for Progression**, 3, Elsevier, 2006

Fernandez de las Peñas C., Melian Ortiz A., **Cinesiaterapia: Bases Fisiológicas Y Aplicación Práctica**, 2, Elsevier, 2010

## **Bibliografía Complementaria**

Lapierre A, **La reeducación física. física. Tomo I,II,III**, 6, CIE. Dossat, 2000

Kaltenborn FM., **Fisioterapia Manual**, 10, McGraw-Hill Interamericana,, 2004

Jose Luis Martinez Gil, **Poleas y Suspensiones en la actividad física**, 1, Aran Ediciones, 2008

Susan L. Edmond, **Joint Mobilization/Manipulation: Extremity and Spinal Techniques**, 3, Elsevier, 2016

Michael Higgings, **Therapeutic Exercise From Theory to Practice**, 1, FAD, 2011

Robert A. Donatelli, Michael J. Wooden, **Orthopaedic Physical Therapy**, 4, Churchill Livingstone, 2009

Manske, Robert C., Lehecka, Brian , Reiman, Michael, Loudon, Janice, **Orthopedic Joint Mobilization and Manipulation: An Evidence-Based Approach**, 1, Human Kinetics, 2018

Darlene Hertling, Randolph M. Kessler, **Management of Common Musculoskeletal Disorders: Physical Therapy Principles**, 1, Lippincott Williams & Williams, 2006

Houglum, Peggy A, **Therapeutic Exercise for Musculoskeletal Injuries**, 4, Human Kinetics, 2016

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Terapia manual/P05G171V01206

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Anatomía humana: Afeccións médicas/P05G171V01201

Anatomía humana: Afeccións cirúrxicas/P05G171V01202

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Fisioloxía: Movemento funcional en fisioterapia/P05G171V01105

Valoración en fisioterapia/P05G171V01108

### **Outros comentarios**

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Correo electrónico

Campus Remoto uvigo

---